

Partes dunha estampa:

Personaxes:

Castelao escolle como protagonista o pobo galego, especialmente os máis desfavorecidos; mulleres, nenos, mariñeiros, labregos...

Nas mans da muller, grandes e duras quere simbolizar unhas mans traballadoras, seguramente no campo, coma as dun home.

Texto:

Ao pé do debuxo escribe unha frase sintética, directa. Ás veces emprega o diálogo, outras o humor.

“Anque o meu home vai fóra, non terei voto, pero seguirei pagando tódolos trabucos.”

Con esta frase ao pé do debuxo fai a denuncia da estampa. Nela fai públicos os abusos que sofre o pobo galego: o caciquismo, a falta de participación na política, o sometemento das mulleres, a pobreza..

Debuxo:

Os debuxos de Castelao caracterízanse pola sinxeleza, trazos depurados que logran transmitir unha idea clara dun xeito rápido.

Esta estampa trata o tema da emigración. Dándolle voz á muller: non participa nas votación pero téñena en conta á hora de pagar os impostos. Que inxustiza, non che parece?